

## PRESENTACIÓN ATLAS AMBIENTAL DO BARCO

O desenvolvemento sostible preséntase como a alternativa e solución para os problemas ambientais e sociais que está a sufrir o noso planeta.

Este desenvolvemento sostible é aquel que permite que todas as sociedades se desenvolvan nos planos social e económico, de maneira que o resto da vida no planeta e os recursos naturais perduren ao longo do tempo.

¿Cómo podemos facer cada un de nós para contribuír á sostibilidade?

Nun primeiro lugar, debemos ser conscientes de que a Terra é un sistema relacionado, e polo tanto, todo o que ocorre nunha parte dela vai influír no resto. Entón, o punto de partida para a nosa axuda débese rexer polo principio: “Pensa globalmente, actúa localmente”.

Pero para pensar e actuar en pro da sostibilidade, é indispensable coñecer cómo funciona o noso planeta. E debemos empezar por coñecer o noso entorno inmediato, dado que imos a actuar localmente.

Con este obxectivo preséntase este ATLAS AMBIENTAL, co lema “*Coñece para valorar, actúa para sustentar*”. Ofrecenos unha viaxe de coñecemento polo noso Concello que nos vai axudar a contribuír á sostibilidade.

## DESCRIPCIÓN

Para a viaxe de coñecemento por este ATLAS AMBIENTAL (ATLAS) son necesarias dous ferramentas indispensables, uns MAPAS que nos amosen o camiño e o territorio sobre o que nos moveremos, e un entretemento, un XOGO. Así, atoparemos tres botóns de inicio: ATLAS (a viaxe), MAPAS e XOGO.

Os MAPAS ofrécennos a posibilidade de familiarizarnos co noso Concello dunha maneira visual e rápida, antes de iniciar a viaxe e durante a mesma se nos fixera falta. Así, veremos as súas principais capas de información cartográfica: límite municipal, límites parroquiais, núcleos de poboación, vías de comunicación, rede hidrográfica, altimetría, etc.

O ATLAS é a viaxe de coñecemento. A nosa guía de viaxe vai ser a paisaxe, xa que ela é o concepto que sintetiza todos os procesos que ocorren no noso territorio municipal. Así, a viaxe estrutúrase en GRANDES UNIDADES DE PAISAXE, que a súa vez poderanse dividir en Unidades de Paisaxe.

Para o coñecemento das Unidades de Paisaxe do noso Concello, viaxaremos ata as principais variables que describen cómo son en xeral:

- Os materiais
- As formas
- As augas
- Os solos
- As plantas
- Os animais

Tras estas explicacións xenéricas a viaxe concéntrase en amosar cómo se achán estas Unidades de Paisaxe no noso Concello, a partir da identificación daquelas áreas con maiores valores ambientais, as Áreas de Interese Ambiental. Explicaranse as súas particularidades, o seu estado de conservación, ase como as accións que se poden desenvolver nelas que resulten compatibles e as que non se deberían levar a cabo, as incompatibles.

Para poñer fin ao viaxe, a través do botón A PERCEPCIÓN DA PAISAXE, a nosa guía, a paisaxe, ensinaranos cómo podemos valorar a súa dimensión visual ou estética cun dos numerosos métodos que hai. Para aplicar o aprendido amosaranos algunhas cuncas visuais do noso Concello e a súa valoración a través da metodoloxía aprendida.

En definitiva, o Atlas será unha viaxe dinámica e didáctica onde accederemos a toda a información a través de descrições de texto e dun gran número de gráficos, imaxes e mapas.

O XOGO, é unha maneira divertida de aprender. Vainos permitir comprobar cómo aprendemos na viaxe ambiental polo noso Concello, pasando polos lugares nos que estivemos con catro representantes da vida natural: un toxo, unha xilbardeira, unha píntega galega e un moucho.

¡BOA VIAXE!